

O CARNAVAL DOS ANIMAIS

Texto de JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA

Ilustracións de JOÃO VAZ DE CARVALHO

Música de CAMILLE SAINT-SAËNS

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 36 páx. 16 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (LER +) PORTUGAL

[O carnaval dos animais](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-064-5. Libro musical. Música clásica.

[El carnaval de los animales](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-065-2. Libro musical. Música clásica.

[O carnaval dos animais](#) (português)


ISBN 978-989-749-140-5. Livro musical. Música clássica.

Aquel era un día moi especial. Baixo un sol espléndido e un aire suave, ultimábanse os detalles para a celebración do aniversario do León, o rei dos animais.

Moi de mañanciña, unha enorme bandada levava ata os lugares máis afastados, a invitación do León, na que convidaba a todos os animais a unha gran festa para celebrar o seu aniversario....

«O carnaval dos animais» é unha *suite* en 14 movementos composta en 1886 durante unhas vacacións de Saint-Saëns nun pobo austríaco. Trátase dunha composición humorística –a modo de *collage* musical de obras do propio autor e de antigas cancións francesas ou pezas tan coñecidas coma o Can-can– pensada para interpretala nunha festa de carnaval, xa que os personaxes son animais diversos: leóns, tartarugas, elefantes, galiñas, canguros... Por desexo de Saint-Saëns, estreouse tralo seu pasamento e chegou a ser unha das súas obras máis exitosas.

José Antonio Abad creou un texto literario cuxa lectura pódese acompañar coa audición dunha escolma das mellores interpretacións orquestrais, accesibles a través de códigos QR. O relato recrea o ambiente de solemnidade da celebración e describe a chegada dos invitados, conformando unha postal de biodiversidade na que non faltan elementos fantásticos. As ilustracións de João Vaz de Carvalho complementan o espírito lúdico deste libro, con figuras caricaturescas.



- **Temática:** relato lúdico protagonizado por animais, con música de Saint-Saëns.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** cultura musical; natureza; códigos QR con propostas de audición; outros títulos da colección: «[O Bolero de Ravel](#)», «[As catro estacións: Vivaldi](#)», «[Cadros dunha exposición: Mussorgsky](#)»; do ilustrador de «[A avoa adormecida](#)», «[28 historias para rir](#)» e «[Na punta do pé](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-carnaval-animais-g>

José Antonio Abad Varela

(A Coruña, 1940)

Psicólogo e pedagogo, especialista en proxectos educativos. Dirixiu o Departamento de Divulgación da Música na Orquestra Sinfónica de Galicia. Organizou o Programa Municipal *Descubrir a música* do Concello de A Coruña, os *Domingos con música* do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa e concertos didácticos en varias cidades.

João Vaz de Carvalho

(Fundão, Portugal, 1958)

Estudou pintura no taller de Vasco Berardo, en Coimbra, entre 1981 e 1984. Colaborou con revistas como Marie Claire, Cosmopolitan, Exame, Gentleman, Pais & Filhos e Diário de Notícias/Notícias Magazine. Dedicase a ilustrar álbums infantís e portadas de libros para varias editoriais. A súa obra participou en diversas exposicións. Foi galardoado na Bienal Inter-nacional de Ilustración Infantil 2005, en Barreiro (Portugal).
<http://www.jvazcarvalho.com>

Charles Camille Saint-Saëns

(París, 1835 - Arxel, 1921)

Compositor, director de orquestra, organista e pianista. Participou na fundación da Société Nationale de Musique e considérase un dos renovadores da música francesa. Foi un intelectual adicado ao estudo científico, matemático e filosófico, a literatura e as viaxes. O seu legado musical abrangue máis de 400 composicións de diversos xéneros -entre eles o cine- e unha gran calidade de escritura. O seu arquivo está no Château-Musée de Dieppe, na Alta Normandía, onde se instalou en 1888.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com